



Tres anos visibilizando a profesión

A Asociación Profesional de Podoloxía Bovina (APPB) créase en 2019 para apoiar e reivindicar o noso traballo, así como para poñer en contacto os profesionais da saúde podal de España, Portugal e outros países de fala hispana.



A súa principal misión é a formación continuada para todos os seus socios co fin de conseguir que obteñan os mellores coñecementos teóricos e prácticos nesta área. Isto lévase a cabo tanto coa programación de cursos presenciais coma de conferencias vía telemática. Debido á complexidade que esta profesión require, é moi necesaria a formación, así como tamén moitas horas de práctica. Todos os que son socios da APPB terán un distintivo (un adhesivo de distinta cor cada ano), que os identificará como tales, algo que os obrigará a asistir a un mínimo de formación cada certo tempo.

ACCESO Á NOSA WEB

Co dobre obxectivo citado anteriormente –visibilizar e poñer en valor– a APPB dispón dunha páxina web á que todos vós poderdes acceder (<https://appb.es/>). Nela atoparedes as súas bases principais e as súas últimas novidades, entre as que se inclúe a sección titulada “Artigos”, que nace coa intención de crear unha he-

meroteca na que se irán publicando todos os estudos realizados desde a Asociación, así como os que se consideren de interese para esta páxina.

ATOPA O TEU PODOLOGO

A nosa páxina conta cun mapa interactivo, no que encontraredes todos os nosos podólogos socios. Para acceder a el, tan só debes premearriba das súas chinchetas de localización e sairavos directamente o seu contacto ou os seus círculos, cun número dentro que corresponde ao número de podólogos desa zona; neste caso debes facer clic nos círculos tantas veces como sexa necesario ata que apareza a chincheta de localización co contacto: <https://appb.es/directorio/>.

Outra opción para contactar é mediante o seu correo a través do apartado denominado en castelán “Ponte en contacto”, no que poderdes enviar a vosa mensaxe cubrindo previamente os datos solicitados.

Con estas ferramentas pretendemos achegarlles o mellor servizo e a maior información posible a todos os gandeiros e gandeiras. ■

Visita as nosas redes sociais



Nesta profesión son moi necesarias a formación e a realización de moitas horas de práctica